



Expediente núm.:2018/C004/000005

**Procedemento:** Contrato de subministración por Procedemento Aberto

**Asunto:** Contrato mixto de Servizo e subministración para o Servizo de Auga Municipal

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**1. Órgano de contratación:** Xunta de Goberno Local do Concello de Vimianzo

**2.Procedemento de licitación:** Aberto de conformidade co art.131 coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

**3.Tramitación:** ordinaria

Óptase pola presentación de ofertas manual, ao abeiro do disposto na Disposición Transitoria 15ª, que permite aos órganos de contratación non esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas no seguinte caso: *c) Cuando la utilización de medios electrónicos requiera equipos ofimáticos especializados de los que no disponen generalmente los órganos de contratación.*

**4.Objecto do contrato:** O obxecto do contrato é prestar os servizos e subministracións necesarias para realizar o control das estacións de tratamento de auga potable (ETAPS), estación depuradora de auga residual (EDAR), fosas e bombeos de auga potable e auga residual así como da piscina do Concello de Vimianzo, a lectura de contadores de auga municipal e a subministración de reactivos necesarios para os servizos municipais de abastecemento, saneamento e piscina.

**5.Prazo de execución:** un ano ou até esgotar partida.

**6.Prórroga do contrato:** 1 ano

**7.Revisión de prezos:** non procede

**8.Garantía provisional:** non se esixe

**9.Garantía definitiva:** o 5% do prezo final ofertado, sen IVE.

**10.Garantía complementaria:**

Considerase conveniente a constitución dunha garantía complementaria dun 5% nos casos en que a oferta do adxudicatario resultase inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

**11.Solvencia:**

Os licitadores que non estén clasificados deberán acreditar a seguinte solvencia económica, financeira, e técnica ou profesional:

**- Acreditación da solvencia técnica, polos seguintes medios contemplados no art. 90.1 da LCSP:**

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos; cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia os poderes adxudicadores poderán



indicar que se terán en conta as probas dos servizos pertinentes efectuados máis de tres anos antes.

Cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

c) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

d) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

e) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

#### Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios, segundo o establece no art.75 do LCSP.

#### **- Acreditación da solvencia económica, por algún dos seguintes medios, contemplados no art. 87.1 da LCSP:**

a) Volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao 277.143,00 euros (importante resultante de multiplicar o valor estimado do contrato por 1,5).

A acreditación documental da solvencia económica efectuarase mediante a aportación das contas anuais e declaración do empresario indicando o volume de negocios anual da empresa.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 100.000 de euros.



En todo caso, a clasificación do empresario nun determinado grupo ou subgrupo terase por proba bastante da súa solvencia para os contratos cuxo obxecto estea incluído ou se corresponda co ámbito de actividades ou traballos do devandito grupo ou subgrupo, e cuxo importe anual medio sexa igual ou inferior ao correspondente á súa categoría de clasificación no grupo ou subgrupo. Para ese efecto, no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos deberá indicarse o código ou códigos do Vocabulario «Común dos Contratos Públicos» (CPV) correspondentes ao obxecto do contrato, os cales determinarán o grupo ou subgrupo de clasificación, se o houbese, en que se considera incluído o contrato.

**12. Valor estimado do contrato:** 184.762,00 euros.

Para o cálculo dos custos tívose en conta a facturación dos contratos anteriores e os prezos do mercado e partindo dunha estimación das unidades precisas, que non se poden determinar a priori.

**13. Nomenclatura CPV:**

- 2496200-5: produtos químicos para o tratamento de auga
- 65500000-8: servizo de lectura de contadores
- 71620000-0: servizo de análise
- 90420000-7: servizo de tratamento de augas residuais

**14. Necesidade e idoneidade do contrato:** xustifícase a necesidade de contratación de conformidade co art.28 da LCSP, pola necesidade de licitar o contrato xa que o actual remata o vindeiro 08/07/2018 e dentro das obrigas mínimas de prestación de servizos, que aos municipios, lles encomenda o art.26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

**15. Xustificación da non división en lotes:**

Conforme ao establecido no art.116 da LCSP indícanse as principais razóns polas que se decidiu non subdividir a mesma en lotes:

-O contrato non é susceptible de división en lotes para unha mellor execución do mesmo dende un punto de vista técnico, xa que coa xestión conxunta esperase obter un maior aforro, posto que a subministración dos produtos e o aforro da mesma virá determinado da mellor xestión da prestación do servizo.

**16. Mesa de contratación:** A súa composición é a seguinte:

Presidente:

- D.Manuel Antelo Pazos, alcalde do concello ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-D. Francisco Javier Ulloa Arias, interventor acumulado do concello ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal interventor.

-D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Cristina Varela García, secretaria acumulado do concello ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal letrado.

-D<sup>a</sup>.Bielca González Ramos, técnica do servizo de urbanismo ou funcionario que legalmente o substitúa.

Secretaria:

-D<sup>a</sup>.Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión da área de xestión administrativa ou funcionario que legalmente o substitúa.

Respecto da vogal do servizo de urbanismo désígnase á técnica de urbanismo e obras, funcionaria interina, ao tratarse da única funcionaria dispoñible no departamento, tendo en conta que a arquitecta, tamén funcionaria interina, se atopa en situación de ILT. Polo tanto, acredítase a concorrencia das circunstancias que permiten a designación de funcionarios interinos (art. 326.5 LCSP).



**17. Responsable do contrato:** A técnica de urbanismo, baixo a supervisión do concelleiro de área.

**18. Insuficiencia de medios:** Non existen medios persoais municipais para realizar a prestación do servizo polo que esta situación , de conformidade co art. 116.4.f da LCSP é a que esixe levar a cabo a presente licitación.

O que asino en Vimianzo.

O alcalde,

Manuel Antelo Pazos  
(documento asinado dixitalmente)